

MACROCONCURSO

BASES

1.Poderán participar todos os alumnos e alumnas matriculados neste ano académico no centro no segundo ciclo de ESO.

2.A participación será individual ou en grupo. Se é en grupo, este debe estar constituído por un número igual ou inferior a CATRO membros.

3.As preguntas e problemas formulados estarán relacionados coa materia impartida polos distintos departamentos deste centro.

4.-Haberá CATRO edicións de preguntas, distribuídas entre xaneiro e abril.

5.Todas as preguntas formuladas serán publicadas a través do taboleiro do EDLG, situado no vestíbulo principal do centro.

6.As respostas ás preguntas de cada edición entregaranse nun prazo máximo de UN mes, sendo especificada a data límite de entrega na propia folla das preguntas.

7.Cada resposta correcta valorarase con UN punto. As solucións ás cuestións, así como a puntuación acadada polos participantes, faranse públicos a través do taboleiro do EDLG.

8.Haberá premio para o grupo ou persoa que maior puntuación acade ao final do concurso. Pode haber accésits.

9.Para inscribirse deben anotarse nun folio os seguintes datos:

- Nome que adopte o concursante ou o grupo
- Datos persoais dos participantes: apelidos e nome
- Curso e grupo ao que pertencen.

E entregalo en conserxería antes do día **20 de decembro**. O día **11** de xaneiro, no **segundo recreo**, entregaranse as primeiras preguntas.

10.A participación no concurso implica a total aceptación das bases.

